

## **SEGUNDA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA INVESTIMENTOS 2011**

**OBXECTO.-** Constitúeo a regulación específica da segunda convocatoria para a concesión de subvencíons por parte deste concello no 2011 segundo as normas aprobadas no marco das Bases de execución do orzamento de 2011, que serán de aplicación no non previsto nela.

**ACTUACÍONS SUBVENCIONABLES.-** As subvencíons que se outorguen ao amparo desta convocatoria poderán ter como finalidade a realización de investimentos ou adquisición de equipamento.

**FINANCIAMENTO.-** O crédito que se destina para este programa é o seguinte:

- 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 2011.0.3.0.78000.

**BENEFICIARIOS.-** Poderán ser beneficiarias todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións, agrupacións, comunidades veciñais, comités organizadores, etc., que carezan de fins de lucro e realicen actividades de interese xeral, en especial para este municipio, domiciliadas nel, que estean ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, que non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencíons públicas, que cumpran os requisitos establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencíons, e que non teñan pendentes de xustificación subvencíons deste Concello concedidas en exercicios anteriores, salvo que excepcionalmente se lles concedese prórroga para iso.

**SOLICITUDES.-** Formalizaranse no impreso normalizado que se facilitará nas oficinas municipais (Anexo I) e irán acompañadas da documentación que se indica a continuación. Ademais, poderase requirir a documentación complementaria que se considere oportuna.

- Fotocopia compulsada dos estatutos e do CIF do solicitante e do NIF do representante e acreditación da súa representación.
- No caso de Comunidades veciñais ou Comités organizadores, prego de sinaturas con identificación en forma.
- Memoria explicativa da actividade ou investimento acompañado do Proxecto técnico, de ser o caso.
- Orzamento de gastos e ingresos.
- Calquera outro que sirva para valorar a solicitude

De conformidade co art. 35.f da Lei 30/1992, se os documentos solicitados nos apartados anteriores están en poder deste Concello, o solicitante non terá que achegalos de novo, debendo indicalo na solicitude.

A documentación que se presente en fotocopia, terá que estar compulsada.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación a que se refire este punto, deberase solucionar no prazo de dez días desde a recepción do requirimento.

**PRAZOS.-** As solicitudes presentaranse no concello desde a súa publicación no taboleiro de anuncios e ata dez días despois da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP), en horario de oficina e ata as 15:00 horas do último día. Non se terán en conta as solicitudes que se reciban no Rexistro de Entrada unha vez transcorrido o devandito prazo, con independencia do procedemento que se utilice, nin as que non se presenten no modelo oficial. No caso de solicitudes defectuosas, concederase un prazo de dez días para a súa corrección, arquivándose sen máis trámites cando non se emenden os defectos.

**CONCESIÓN.-** As subvencións, que xunto con outras axudas non poderán superar o 100 por 100 do custo da actividade, serán concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local, previa proposta da Comisión avaliadora de subvencións, que estará integrada polos mesmos membros da Xunta de Goberno Local e cos mesmos cargos.

As solicitudes seleccionaranse e determinarase o importe das subvencións correspondentes, unha vez considerados os investimentos que teñen previsto realizar, despois da súa valoración ponderando as seguintes circunstancias:

Interese do investimento: 2 puntos.

Número de beneficiarios directa ou indirectamente polo investimento: 3 puntos.

Adecuación do investimento que se vai realizar ao interese local: 5 puntos.

O acordo de concesión será publicado no taboleiro de anuncios municipal e notificado aos beneficiarios no prazo máximo de dous meses, que se contará desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o devandito prazo, os solicitantes aos que non se lles notificou resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

#### **OBRIGACIÓNS DOS BENEFICIARIOS.-**

- Realizar o investimento nas condicións en que foi concedido.
- Comunicar ao concello as axudas concedidas ou que lles concedan outros entes públicos ou privados coa mesma finalidade.
- Non aplicar a subvención a finalidades distintas.
- Someterse ás actividades de comprobación e inspección do concello.

**XUSTIFICACIÓN.-** Os beneficiarios poderán xustificar a aplicación da subvención á finalidade para a que foi concedida ata as 15:00 horas do día 20 de outubro de 2011. Este prazo poderá prorrogarse por un período máximo de tres meses, logo de petición razoada formulada antes de que finalice. Unha vez transcorrido o prazo ou a súa prórroga sen xustificación, a subvención quedará anulada.

A xustificación realizarase mediante a presentación dunha declaración do beneficiario (Anexos II e III) en que acredite o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e declare se recibiu ou non outras axudas para o mesmo fin e unha relación de gastos (Anexo IV) ou certificación de obra, acompañada de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas, que sumen polo menos o importe da subvención concedida.

O importe da subvención reducirase ata a contía xustificada cando non se efectúe a xustificación na súa totalidade.

No caso de concorrencia doutras subvencións, a xustificación deberá facerse, como mínimo, por un importe igual á suma da subvención municipal e das restantes que concorran.

A Xunta de Goberno Local, á vista da documentación que se presente, tras a comprobación previa de que o beneficiario se atopa ao día nas súas obrigacións fiscais co concello, valorará o cumprimento da finalidade básica e, no seu caso, acordará o pagamento no prazo máximo dun mes. Excepcionalmente poderá autorizarse o cambio dos obxectivos concretos que se detallen na memoria que serviu de base para a concesión da subvención.

**INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.-** O incumprimento do disposto na presente convocatoria dará lugar á revogación e, no seu caso, reintegro da subvención.

Os beneficiarios das subvencións, quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido no artigo 82 da Lei xeral orzamentaria.

**PUBLICIDADE.-** Esta convocatoria, despois de seren aprobada pola Xunta de Goberno Local, publicarase integramente no Boletín oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, para o efecto de apertura dela e para que todos os interesados poidan examinala e, no seu caso, presentar as súas reclamacións no prazo máximo de quince días hábiles, a contar desde a inserción do anuncio no BOP.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.-** A aprobación da presente convocatoria queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 3/2011, no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender as solicitudes que ao amparo daquela se presenten.

Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia presupostaria en tanto non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.

En ningún caso a presente convocatoria xerará ningún dereito a favor das entidades solicitantes mentres tanto non se dean as condicións presupostarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

No non previsto, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Monfero, 4 de maio de 2011,  
O Alcalde,

**DILIXENCIA.-** Esténdese para acreditar que a presente convocatoria foi aprobada pola Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión celebrada o día 4 de maio de 2011.

Monfero, 4 de maio de 2011.  
O Secretario,

De acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais (en diante LOPD), infórmase o usuario, dos seguintes puntos:

- O Concello de Monfero é a efectos da LOPD, Responsable do Ficheiro, no que se incluírán os datos persoais que vostede nos facilite. A dirección do Responsable do Ficheiro é Rebordelo s/n, 15619 - Monfero
- Os datos facilitados ao Concello de Monfero formarán parte dun ficheiro automatizado responsabilidade do mesmo. O ficheiro atópase debidamente inscrito no Rexistro Xeral de Protección de Datos da Axencia a Española de Protección de Datos e todo o proceso de tratamento, almacenamento e mantemento atópase sometido aos controis e normas establecidos no Regulamento de Medidas de Seguridade.
- A finalidade para a que se solicitan os datos será a de cada caso concreto, pero sempre terá como obxecto xestionar o servizo prestado polo Concello aos usuarios, dentro do marco da relación que os une, enviarlle información e publicidade sobre, recomendacións, cambios en programación, horarios de apertura e atención ao público, información sobre xestións do Concello etc..., e mellorar o noso labor a partir das necesidades e/ou esixencias dos nosos usuarios.
- De todos os datos solicitados, indícarase polo persoal do Concello, cales deles son de carácter obrigatorio e cales de carácter facultativo, atendendo ao servizo solicitado. Os datos considerados polo persoal do Concello como de carácter obrigatorio serán os estritamente necesarios para levar a bo fin a relación existente entre o Concello e o usuario, polo que en caso de non ser fornecidos non podería desenvolver dita relación. Os datos persoais que se soliciten atenderán en todo momento ao principio de calidade dos datos establecido no artigo 4 da LOPD, é dicir serán adecuados, pertinentes e non excesivos en relación co ámbito e a finalidade para a que se obteñen.

- O usuario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos que establece a LOPD, dirixíndose a Rebordelo s/n, 15619 - Monfero (A Coruña).

O incumprimento das ditas medidas de seguridade constitúe para o responsable do ficheiro unha infracción grave sancionable con multa de até 300.506,05€, polo que cando devandito incumprimento asóciase a un individuo concreto será sancionado a nivel interno disciplinariamente segundo acórdese polo Responsable de Seguridade.